

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO

Bravo Bosch, María José
Caparrini Marín, Natalia
Lago Ferreiro, Alfonso
Lantarón Caeiro, Eva
Lesmes Romero, Yolanda
Pozo Triviño, María Isabel del
Quintero Martínez, Félix
Reboreda Morillo, Susana
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Rodríguez Rajo, Francisco Javier
Rubio Arnesto, Belén
Sánchez Moreiras, Adela María
Valderrama Santomé, Mónica

DECANOS/DIRECTORES

Álvarez González, Susana
Fariña Rodríguez, José
Formella, Arno
Garza Gil, María Dolores
Lorenzo González, M^a de las Nieves
Mociño González, María Isabel
Peña Gallego, María de los Ángeles
Pérez Vázquez, María Consuelo
Rodríguez Domínguez M^a del Mar
Torres Romay, Emma

PDI-A

Anaya Revuelta, Inmaculada
Araujo Nespereira, Pedro Antonio
Arévalo Tomé, Raquel
López Ardao, José Carlos
López Mira Álvaro Xosé
Montero Reguera, José Francisco
Paz Penín, María Concepción
Pazos Couto, José María
Porteiro Fresco, Jacobo
Romo Pérez, Vicente
Ruiz Hidalgo, Carmen

PDI-B

Álvarez Álvarez, María Salomé
Barreiro Rodríguez-Moldes, M^a
Covadonga

ESTUDANTES

Lima González, Estela
Rodríguez Pousa, Estela

PTXAS

CONSELLO SOCIAL

Calviño Rodríguez, Xulio
Larriba Leira, Elvira
Pedrosa Silva, Ernesto

SINDICATOS

Cuevas Alonso, Miguel
García Eirín, José Manuel

INVITADOS

Fernández Villar, José Alberto
Mallo Ferrer, Federico

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Díaz Redondo, Rebeca Pilar
González González, Jaime

Acta da sesión extraordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 23 de decembro de 2025, convocada para ás 12:00 h. en primeira convocatoria e ás 12:30 h. en segunda, na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Ás 12:30 do día 23 de decembro de 2025 comeza a sesión, acadado o quórum en segunda convocatoria, presidida polo reitor, na Sala 18 (Consello de Goberno) do Campus Remoto. O reitor, e mais a secretaria xeral xunto con varios membros do órgano asisten presencialmente na Sala Manolo Ramos.

Por outra banda, as persoas da comunidade universitaria poden seguila mediante un enlace a UVigo TV cun contrasinal que se lles comunica antes do comezo da mesma.

O asunto a tratar é o seguinte, consonte á orde do día:

1. Aprobación, se procede, do acordo para a descentralización da docencia do Grao en Medicina.

O reitor comeza dando as grazas a Alberto Fernández Villar, a quen agradece extraordinariamente a súa participación no que ten que ver co fortalecemento da Universidade de Vigo neste eido, así como a Federico Mallo Ferrer, que participarán como invitados cunha intervención relacionada co punto da orde do día.

O reitor explica, ademais, que este acordo, contido na documentación facilitada a todos os membros do Consello de Goberno, ten informe favorable da Asesoría Xurídica.

O reitor informa sobre as negociacións existentes sobre a titulación de Medicina, lembrando que co acordo do 2015 non houbo practicamente avances na descentralización. A proposta da UDC sería crear novas facultades. Sen embargo, despois das diferentes xuntanzas entre as 3 universidades públicas galegas, o Sergas, e a Xunta de Galicia, chegouse a unha proposta de acordo 2025 consistente na participación das 3 universidades no título actual, da USC, cunha clara descentralización nos últimos cursos, que estaba pendente de acordo nos respectivos Consellos de Goberno.

Cronoloxía: a Universidade de Vigo pediu a titulación en 1991. Nos acordos sucesivos sobre o mapa de titulacións non houbo cambios, pero acordouse no 2015 a descentralización da docencia práctica de medicina dos cursos 4º, 5º e 6º. En xuño de 2025 o reitor da UDC, sen previa negociación, levou o pedimento da titulación de medicina ao Consello de Goberno.

Reunido o Consello de docencia clínica, acordouse por asentimento crear un grupo de traballo para abordar, de xeito negociado, a descentralización dos estudos de medicina, correspondéndolle a presidencia ao reitor da Uvigo. O grupo de traballo celebra catro sesións utilizando unha proposta feita pola Uvigo, avanzando moi lentamente. No verán, acórdase previa á xuntanza do grupo de traballo, celebrar xuntanzas entre os tres reitores.

Nas últimas sesións incorpóranse os Conselleiros de Universidades e Sanidade, dado que no preacordo hai solicitudes económicas e organizativas relativas as súas competencias.

Acórdase entre os tres reitores e os dous conselleiros un texto final, que se somete ao grupo de traballo. O grupo de traballo aproba o texto. O Consello de docencia clínica aproba o texto por asentimento. Agora estamos á espera de que os Consellos de Goberno das tres universidades ratifiquen o acordo. Xa o fixo a UDC (por asentimento), a USC, despois de ter algúns atrancos, finalmente xa o aprobou, e nós quedamos para o final.

Polo que se refire ao traballo interno da Universidade de Vigo, no Consello de Goberno apróbase por asentimento a proposta do reitor, que contén o apoio a seguir negociando e, como alternativa, pedir de novo a titulación de medicina se é que non hai acordo. De resultas, creouse un grupo de traballo, que vai seguir activo, capitaneado por África González e Alfonso Lago, para estar preparados por se houbera algunha continxencia. Dada a existencia de posibles incumprimentos e de cláusula de saída, estaremos moi pendentes por se houbera que activar a cláusula e estar preparados para non perder tempo en solicitar a titulación.

O Consello de Goberno aprobou, con data 17 de outubro de 2025, a expresión de interese na implantación de medicina na Universidade de Vigo, deixándoa en suspenso durante como máximo un mes á espera da consecución do acordo para a descentralización de medicina. Fomos escrupulosos, enviamos a solicitude e, se se ratificaba o acordo, retiráramos a nosa petición.

O reitor pasa a continuación a explicar o acordo, reflectido nun convenio que teñen a súa disposición todos os membros de Consello de Goberno.

As claves do acordo son:

1. Creación de unidades docentes compartidas con PDI das tres universidades.
2. Calendario explícito e rápido para a descentralización completa dos cursos 4º a 6º de toda a docencia.
3. Contratación de PDI ao 50% entre as universidades que participan na unidade docente.
4. Pagamento da Xunta de Galicia dese profesorado por fóra do plan de financiamento.
5. Relacións claras entre os hospitais e as tres universidades. Non se vinculan os hospitais á USC, senón cada un á súa universidade, o que ten vantaxes no desenvolvemento dos institutos.
6. Cláusula de saída.
7. Dificultades para a implantación de títulos na universidade privada.

Prácticas de 5º → Toda a docencia de 5º → Toda a docencia de 4º → Nova proposta de descentralización (título compartido, novas facultades, extensión do modelo a todos os cursos).

Cláusula de saída: Se non hai avances consonte ao previsto, temos liberdade para solicitar o título en solitario (tanto a Uvigo como a UDC).

Intervén a continuación un invitado, Federico Mallo Ferrer. Preséntase como médico catedrático de fisioloxía na Universidade de Vigo desde 1991, e dá as grazas por poder intervir no Consello de Goberno de hoxe, que para el en particular é moi importante. Participou na comisión no 2015, que tivo os resultados que apuntou o reitor. Para el é unha delicia saber que estamos avanzando nestes acordos de descentralización. Non se cre totalmente o avance, pola experiencia pasada, pero espera

que esta vez haxa resultados. Galicia é unha excepción no resto de España. Vigo, cidade moi importante de España, é a única que non ten facultade de Medicina, e Galicia é a única comunidade autónoma que ten unha única facultade de Medicina. O único camiño natural é que teñamos unha facultade de Medicina. No proceso de descentralización danse unha serie de circunstancias que debe sinalar: a facultade de Medicina da USC é a mais grande de España, con máis de 400 estudantes ao ano, algo excepcional, e dende o punto de vista da calidade docente, habería dúbidas polo elevado número de discentes. A vontade de descentralización indica a insuficiencia dunha formación axeitada, precisando que necesitan dos recursos hospitalarios do resto de Galicia. Isto parece unha especie de vasalaxe, feudalismo académico, unha forma pouco extravagante de formular os asuntos, cando a UDC e a Uvigo teñen capacidade acreditada.

Ten dúbidas sobre como se vai facer a descentralización o primeiro ano. Que vai pasar en 5º para descentralizar soamente as prácticas?, xa que teñen ensinanzas teóricas. A práctica vainos levar a ver se é viable. Remata ofrecendo a súa colaboración en todo o proceso.

O reitor responde que quizais vasalaxe soa un pouco forte.

Federico Mallo Ferrer pregunta tamén se os hospitais de Ourense e Pontevedra seguirán pertencendo a Vigo. O reitor responde que si, e que ademais participarán en 6º.

Intervén a continuación Alberto Fernández Villar, xefe de servizo de neumoloxía do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo, profesor titular cunha praza vinculada do SERGAS na Universidade de Vigo.

É unha oportunidade única, felicita ao reitor polo traballo feito, e quere aproveitar a oportunidade para pedir que o Grao de Enxeñaría Biomédica non se fragmente por este conflito ou por esta situación. Non quere que os que están implicados teñan problemas. Pode ser moi atractiva a carreira docente, pero estando atentos se desde a USC controlan os docentes. Pide ao reitor que os profesores de Enxeñaría Biomédica estean tamén neste acordo, de xeito transversal dentro das Ciencias da Saúde.

O reitor di que é moi acaída a referencia ao Grao de Enxeñaría Biomédica. Vería ben unha xuntanza con todos os implicados para que coñezan a folla de ruta, a hora de establecer as prioridades e o noso papel dentro de Medicina ou doutras titulacións, aínda que poidan xurdir atrancos, polo que se verán con detalle as normas de funcionamento, teñen que estar en pe de igualdade as 3 universidades.

Intervén seguidamente Miguel Cuevas. Coincide co Profesor Mallo, que ten que ser o comezo dun camiño que non pode quedar parado. É certo que lle preocupa que sexa unha cuestión na que o mellor quede para a USC, e no reparto quedemos cunha parte menos importante. É relevante que teñamos unha titulación de pleno dereito na Uvigo, aínda que sexa compartida, ou descentralizada, xa que non é unha titulación pechada no Estado. Hai que estar moi atento neste proceso, para que non sexa o mesmo que no 2015. O noso obxectivo debería ser ter unha titulación relevante como esta na nosa Universidade.

O reitor responde que teremos preparado todo para adoptar as medidas oportunas de non ir adiante o acordo como se ten que levar. Imos estar vixiantes, temos credibilidade como institución, somos leais pero, se chegamos a unha liña vermella, sairemos sen ningún problema, teremos dereito a pedir a titulación de Medicina se o acordo non se leva a cabo como temos decidido.

Apróbase por asentimento.



O reitor agradece a presenza dos membros do Consello de Goberno.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:20 h. do día 23 de decembro de 2025, da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e praxe do reitor.

O reitor

A secretaria xeral